

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 2 DE MAIO DE 2007.

No salón de sesións da casa do concello de Mugardos, ás dez horas e trinta e cinco minutos do día dous de maio ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese o Concello Pleno, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Moisés D. Rivadulla Fernández, D. Evaristo Deus Deus, Dna. Margarida Corral Sánchez, D. Ramón Toimil Saavedra, D. Antonio Cabalo Amado, D. Jorge Gómez Rodríguez, D. Manuel E. Fariña Doval, D. Pedro Abeal Sousa, Dna. M^a. Pilar Díaz Otero, D. Luis Ángel Penín Bellón, D. Fco. Javier Trío Zabala e D. Juan Domingo de Deus Fonticoba. Asiste tamén a Interventora, D^a. Vanessa García Barreiro. Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 30.03.2007.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada polo Concello Pleno o día 30 de marzo de 2007.

2.- SORTEO COMPOSICIÓN MESAS ELECTORAIS. ELECCIÓN LOCAIS- MAIO 2007.

A fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 26 das Normas Electorais vixentes e cumpridas tódalas formalidades legais establecidas, polo Concello Pleno procédese á formación das Mesas Electorais, que quedan integradas polas persoas e para os cargos que se relacionan no respectivo expediente.

3.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL PADECIDO NO ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE MODIFICADO PARA ORDENAR VOLUMES, REAXUSTAR ALIÑACIÓNS E RASANTES DO SUNC-P8 CANTÓN DE CORA, DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, NA RÚA PETEIRO, PROMOVIDO POR VARINCA, SL./VAIBEM-CONST. S.L.

Sr. Alcalde: Algo sobre o tema? Este é un erro que se cometeu na publicación que saíu no Boletín e que unha vez constatado o erro se corrixiu e se trae aquí para a súa aprobación.

Visto o erro material cometido na aprobación definitiva polo Pleno da Corporación mediante acordo de data 23.02.2007, do Estudo de Detalle modificado para ordenar volumes, reaxustar aliñacións e rasantes do SUNC-P8-“CANTÓN DE CORA”, do Plan Xeral de Ordenación Municipal, na rúa Peteiro, promovido por Varinca, S.L. / Variben-Const S.L, consistente en que na mesma se di “...da Demarcación Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente de data 04.12.2007...”, **cando debería dicir** “...da Demarcación Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente de data 04.12.2006...” o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda proceder á rectificación do erro material sinalado, quedando en consecuencia, a aprobación do estudo de detalle como segue:

ESTUDO DE DETALLE MODIFICADO PARA ORDENAR VOLUMES, REAXUSTAR ALIÑACIÓN E RASANTES DO SUNC-P8 CANTÓN DE CORA, DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, NA RÚA PETEIRO, PROMOVIDO POR VARINCA, SL./VAIBEM-CONST. S.L.: APROBACIÓN DEFINITIVA.

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 20.07.2006, aprobouse inicialmente o “Estudo de Detalle modificado para ordenar volumes, reaxustar aliñacións e rasantes do SUNC-P8-CANTÓN DE CORA, do Plan Xeral de Ordenación Municipal, na rúa Peteiro, promovido por Varinca S.L. / Vaibem-Const. S.L.”, así como a modificación do sistema de actuación previsto no mesmo, sen que durante os prazos de información pública, transcorridos dende o 05.08.2006 ata o 29.08.2006, e do 28.10.2006 ata o 21.11.2006, se tivera presentado reclamación algunha.

Atendido o informe favorable, previo á aprobación definitiva, da Demarcación Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente de data 04.12.2006, informe preceptivo en virtude dos artigos 112 e 117 da Lei de Costas e 210 do seu Regulamento.

Tendo en conta o informe favorable, previo á aprobación definitiva, da Dirección Xeral de urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de data 21.02.2007, informe preceptivo en virtude dos artigos 112 e 117 da Lei de Costas e 210 do seu Regulamento.

O Pleno da Corporación, por once votos a favor (4 BNG, 2 PSOE, 2 IPM, 1 PP, 2 Non adscritos) e un voto en contra (1 EU) acorda:

1º- Aprobar definitivamente o “Estudo de detalle modificado para ordenar volumes, reaxustar aliñacións e rasantes do SUNC-P8-CANTÓN DE CORA, do Plan Xeral de Ordenación Municipal, na rúa Peteiro, promovido por Varinca S.L. / Vaibem-Const. S.L.”, redactado polo arquitecto D. José María Dopico Suárez, de data 01.02.2006, así como o cambio de sistema de actuación polo de concerto, tal e como figura no citado Estudo de Detalle, coa seguinte puntualización:

- *“No estudo de detalle no punto 2.2.7., di que o proxecto cumpre coa Lei 8/1997, do solo de Galicia, evidentemente o cumprimento será da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e do Decreto 35/2000, no que se aproba o Regulamento que desenvolve esta”*

2º- *Que se proceda á publicación do presente acordo no D.O.G. e no B.O.P. nos termos establecidos no artigo 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación*

urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como ao cumprimento do disposto no número 3 do citado artigo.

3º- Levantar, en consecuencia, a solicitude de anotación preventiva efectuada ao Rexistro da Propiedade de Pontedeume, do expediente de disciplina urbanística incoado a Bogamar-Galicia, S.L, Varinca S.L, Vaibem-Const, S.L, UTE por Resolución de Alcaldía 388/2004.

4.- ADECUACIÓN, CLAUSURA E SELADO DO VERTEDOIRO DE ARES E MUGARDOS.

Sr. Alcalde: Este é un tema que quedou pendente do anterior pleno para ir a comisión e, unha vez pasado por comisión, leo o acordo da comisión:

“Rematado o debate, e condicionado á participación do 50% por parte do Concello de Ares, no caso de que houbera que facer algún tipo de aportación, a Comisión por unanimidade acorda:

- Informar favorablemente a solicitude á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o 100% do financiamento da adecuación, clausura e selado do vertedoiro de RSU.*
- Aprobar tamén o compromiso de posta a disposición, libres de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, cos usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.*
- A renuncia expresa a reter da achega do Concello calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.*
- E o compromiso de asumir, unha vez recepcionadas as obras e previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia o seu mantemento e conservación.”*

Ben, palabras sobre o asunto...

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Ola, bos días, simplemente é que o condicionante da comisión se converte en condicionante do Pleno, simplemente iso.

Sr. Alcalde: O que se trae precisamente é a aprobación ao Pleno do que se acordou na comisión, textualmente, como lin, e se non hai máis palabras, se somete a votación.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, medio ambiente e patrimonio histórico, e condicionado á participación no 50% por parte do Concello de Ares, no caso de que houbera que facer algún tipo de aportación, por unanimidade, acorda:

- 1.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o 100% do financiamento da adecuación, clausura e selado do vertedoiro de RSU.
- 2.- O compromiso de posta a disposición, libres de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, cos usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.

3.- A renuncia expresa a reter da achega do Concello calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

4.- Compromiso de asumir, unha vez recepcionadas as obras e previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia o seu mantemento e conservación.

5.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “AS LAGOAS”.

Sr. Alcalde: Este tamén é un tema que ven de comisión e si a concelleira ten algo que dicir..., senón ábrese un turno de palabras.

Sra. Corral Sánchez: Ben..., non vou facer ningún tipo de introdución ao respecto, xa se tratou no seu día na sesión ordinaria da comisión de servizos sociais. Simplemente, para que conste en acta, dicir que estes cambios teñen que ver coa necesidade de ordenar, e operativizar aspectos recollidos no actual regulamento, froito da experiencia deste ano de entrada en funcionamento da escola infantil e, por outra banda, adaptar ademais os contidos deste regulamento á normativa autonómica nesta materia que obra, en parte, da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar.

Rematadas as intervencións, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da comisión informativa de asuntos sociais, muller e sanidade, e o informe do secretario da Corporación, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar as modificacións no Regulamento de organización, e funcionamento da Escola Infantil Municipal segundo se reflicte no informe da psicóloga municipal de data 03/04/07, obrante no expediente.

2.- Aprobar o Regulamento de organización, e funcionamento da Escola Infantil Municipal “As Lagoas”, unha vez incorporadas as modificacións acordadas, quedando redactado tal e como consta no expediente.

3.- Que se expoña ao público polo prazo de trinta días hábiles, a efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo de aprobación, no suposto de que no indicado prazo non se presente reclamación algunha.

6.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE MUGARDOS E A EMPRESA UNIÓN-FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. PARA O SOTERRAMENTO DE LIÑAS ELÉCTRICAS.

Sr. Alcalde: Este é un convenio entre Industria, Fenosa e o Concello para soterrar as liñas eléctricas na rúa de Areosa e, como é preceptivo aprobalo no Pleno, se trae aquí, e os grupos que queiran intervir...

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Nós imos votar que si, simplemente reseñar dúas cousas; a primeira, como creo que todos nós, lamentar que só sexa para a Areosa, debера de

ser para máis territorio que ese; segundo, como hai no expediente unha parte que non se ve, está borrosa, non se ve, cánto é o diñeiro da obra civil que aporta o concello e, fundamentalmente, a consecuencia dese tema, a pregunta é onde está o presuposto, porque nesta dinámica, menos mal que está acabándose xa, vai haber serias dificultades ou polo menos dificultades para aprobar os presupostos deste ano. Nada máis.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bos días a todos. Nós imos empezar por lamentar que non houbera pasado por comisión, polo menos nós non temos constancia de que houbera pasado por comisión, se pasou e non estivemos presentes nos desculparemos pero, en principio, creemos que non pasou por comisión, dado que a comunicación do fax é do 29 de marzo do 2007, e estamos a día dous de maio, e incluso houbo unha comisión de facenda e servizos, como ben dicía o alcalde, para tratar o tema do selado do vertedoiro e, polo tanto, se puido ter incorporado.

Nós queremos, en todo caso, facer unhas cantas preguntas para definir o sentido do voto. En primeiro lugar, si a obra está realizada ou non, o soterramento das liñas, e, en segundo lugar, si a aportación do concello, polo que entendemos do que limos, é de 79.282, e a aportación entre a Consellería e de Unión Fenosa sería de 32.617, para un total de obra de 111.900,65 euros; si este convenio indica o primeiro de máis convenios que se poden dar ou que se queren xestionar para o soterramento de liñas e por qué se elixiu a rúa Areosa. Se nos podes contestar a esas cuestións, a maiores da presupostaria que preguntaba antes Fariña.

Sr. Alcalde: En todo caso dicir que este convenio, a verdade, seguiu unha tramitación, digamos, un pouco a salto de mata; sabedes que había unhas obras na rúa de Areosa que contemplaba o traslado dos postes que hai a todo o longo da rúa de Areosa, e estaba contemplado nunha parte poñer novo alumeado co cableado soterrado e a medida que se ía facendo a obra se veu falando con Fenosa da posibilidade de poder soterrar a liña eléctrica na outra parte tamén; Fenosa se comprometía a aportar a tubaría para despois meter o cableado, e á parte de Fenosa lle corresponde meter o cableado; polo tanto se iniciaron as xestións diante de Industria por si era posible e viable soterrar esa parte de cableado na rúa de Areosa. Por qué a rúa de Areosa e non outra? Pois porque había un proxecto de urbanización da rúa de Areosa e o máis normal é que se faga na rúa de Areosa e non noutra porque estamos facendo unha obra alí. E o montante é o que está establecido pola Consellería de Industria, que aporta unha parte do que corresponde ao cableado que son..., creo que é o 40% da obra do cableado e o resto da obra civil lle corresponde ao Concello, son 79.282,99 o que o Concello tería que pagar. Xa digo, hai unha parte que asume Fenosa, hai tamén unha parte xa que se contemplaba para o desprazamento dos postes e, seguramente, haberá que modificar o proxecto ao que se refire para complementar o resto; o que é importante, digamos, é que eliminamos unha serie de postes e de cableado que pasan polas casas incluso, e que creemos que é unha cousa que debemos de ir procurando facelo en máis sitios, ou deberían ir procurando, os que estean aquí dentro de pouco tempo, facelo en máis sitios.

INCIDENCIA: Faise constar que sendo as 10,44 h., durante a intervención do sr. Alcalde, auséntase da sesión o concelleiro sr. Penín Bellón, que se reincorpora ás 10.46 h.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Como dixen anteriormente Independentes vai votar que si, porque creemos que é necesario o tema pero claro, hai algunhas cousas que non se contestaron, foi a salto de mata, foi un trámite complicado, difícil, todo o que ti queiras, alcalde, pero o certo é que houbo unha comisión e nin conta se deu diso, e iso é bo recoñecer que houbo un fallo, despois si á Areosa, pero tamén lembrar que houbo outras zonas que ocorreu o mesmo e non pasou o tema, e lembro, me ven á mente o peirao de Mugar dos, por exemplo, que se van caer as casas cos cables, polo peso dos cables, e non se fixo nada do tema, pero esas cousas non comportan un cambio de criterio á hora de dicir si ao tema; a preocupación de Independentes é a preocupación do presuposto; presupostos si, pero son 79.000 euros máis que, ao final nós non chegamos a moitos, nos parece moi pequeniño, pero sabemos que dous e dous son catro, e iso é un problema. Nada máis.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): A ver se non entendín mal de todo. Con este convenio o que se faría é o soterramento polos dous lados?

Sr. Alcalde: Si, si.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): O soterramento polos dous lados en todo o tramo da Areosa, e habería que modificar o proxecto? porque no proxecto non estaba contemplado. Vale, nós imos votar a favor si o alcalde se compromete a que a modificación do proxecto pase polo menos pola comisión para que teñamos constancia do proxecto completo, de cómo queda finalmente e, polo tanto, para facer un seguimento da obra; con ese condicionante e, dado que todo o mundo sabemos na época na que estamos e, polo tanto, non imos pedir que vaia a unha comisión previamente, como fixemos noutros temas cando había máis tempo, nós votaríamos a favor.

Rematado o debate sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Presta-la súa aprobación ó convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Concello de Mugar dos e a empresa Unión Fenosa Distribución S.A. para o soterramento de liñas eléctricas, segundo texto obrante no expediente.

2º.- Facultar ó sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

7.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 6/2007, DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Sr. Alcalde: Este é un tema que ven tamén de comisión, cos votos favorables do BNG, oito abstencións e un voto en contra do grupo municipal de Esquerda Unida, e se trata de habilitar unha modificación de crédito para facer fronte, digamos, á contratación das obras da piscina dado que como sabedes todos o proxecto da piscina era..., a subvención que a Deputación nos da é dun millón e medio de euros e o proxecto sube a un millón seiscentos e algo, do que corresponde o 50% ao concello de Mugardos e o 50% ao concello de Ares e, en concreto, o que lle corresponde a Mugardos serían 77.350,06 euros e, en todo caso, se algún grupo que na comisión se abstivo e un pouco reservándose para o Pleno, se queren intervir se abre un turno de palabras.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Nós imos explicar por qué o voto negativo na comisión de facenda e despois explicaremos o sentido do voto no Pleno de hoxe.

O voto en contra na comisión de facenda ven dado polo interese, manifestado durante bastante tempo, e preguntado en diferentes órganos do Concello, de Esquerda Unida, como foi a contratación da empresa que fixo o proxecto básico e de execución e dadas as respostas que obtivemos por parte da alcaldía, que nos mandaba preguntar ao Concello de Ares, volvemos a preguntar ao presidente da comisión de facenda e ninguén nolo indicaba, nós argumentábamos que, dende logo, como concelleiros deste concello tiñamos dereito a saber cómo se contratou a empresa que realizou o proxecto básico e de execución, porque o anteprojecto xa o tiñamos visto no Concello de Mugardos, que ademais entraron as tres propostas no Concello de Mugardos; a día de hoxe seguimos sen sabelo, dado que o presidente da comisión de facenda nos dixo que non sabía como se fixo a cuestión; en todo caso nós o volvemos a preguntar para ver si alguén nolo pode dicir, partindo da base de que nos parece que, en boa parte, é lóxico que sexa SERUMANO o que fixera o proxecto básico e de execución dado que foi o do anteprojecto e, ademais, un anteprojecto que foi apoiado neste concello, polo tanto non ten ningunha outra intención.

Nós imos votar no día de hoxe a favor da modificación a pesar de que teñamos que ir preguntar ao Concello de Ares como encargou a SERUMANO o proxecto básico e de execución; dicir tamén que no expediente do Pleno estaba o proxecto básico e de execución e que é a primeira vez que o vimos, que non difire do anteprojecto salvo no que é as distancias que obriga Patrimonio e demais; que, polo tanto, para nós é válido porque así o manifestamos tamén coas nosas aportacións en diferentes comisións.

De todas formas, eu só unha reflexión, pola aportación que ten que facer o Concello; en primeiro lugar porque si hai baixa creo que vai a Deputación, á aportación que fai a Deputación, senón que se me corrixa, polo que lin rápido do convenio de colaboración entre a Deputación e os Concellos de Ares e Mugardos; polo tanto sería unha cantidade fixa a do Concello de Mugardos, senón que se me corrixa, pero ben... creo que está na cláusula cuarta, polo tanto en caso de haber baixa non lle correspondería a ningún dos dous concellos senón que iría á aportación da Deputación e, si a maiores, o digo non para agora, pero si porque tamén se debateu e, polo tanto, que se teña en conta para que non haxa que vir a unha nova modificación é a parte do aparcamento e urbanización exterior que eu creo que non vai, aquí só vai a execución da obra que é o que correspondería agora pero si que se teña en conta.

Polo tanto, nós imos votar a favor explicando por qué votamos en contra na comisión de facenda e si alguén que o saiba ten a ben dicirnos cómo foi, pois quedaríamos satisfeitos na nosa preocupación.

Sr. Alcalde: En todo caso eu agradezo o cambio de voto de Esquerda Unida; dicir que a pregunta que fai con respecto ao encargo do proxecto, eu creo que..., non sei si nalgunha reunión de portavoces ou nalgunha comisión se dixo que o proxecto tiña que encargalo o Concello de Ares porque Mugardos naquel momento non tiña os orzamentos aprobados e, polo tanto, non tiña partida para poder encargar o proxecto. Entón, como fixo a contratación, o tema do proxecto, o Concello de Ares pois é unha cousa que lle compete ao Concello de Ares e aos concelleiros que forman o Pleno do Concello de Ares, nós nos comprometemos, e tal como está reflexado na memoria da alcaldía para o tema da piscina, ao que nos comprometemos foi a sufragar o 50% dos gastos que puidera orixinar tanto o proxecto ou a contratación de obras das piscina en si, como tamén..., é verdade que non está no proxecto, este é o proxecto de execución da piscina, non está o da urbanización externa, digamos, do espazo da piscina, tamén ese gasto será compartido ao 50%, e a nós o que nos ten que preocupar é si o proxecto se veu, se cumpre, se creemos que, segundo os informes dos técnicos que nos asesoraron de cómo tiña que ser a piscina e todo iso, iso é o que temos que mirar nós. Efectivamente será un problema de Ares si contratou ben ou non contratou ben o tema do proxecto. De todas formas creo recordar, xa digo, que nunha reunión de portavoces creo que se falou do tema ese, que debido a que non tiñamos os orzamentos aprobados, alguén tiña que contratalo e contratou o Concello de Ares porque nese momento os tiña aprobados.

E ben..., agradecerche que cambiaras o sentido do voto porque creo que é un proxecto que Mugardos se merece.

Sr. Gómez Rodríguez: Bos días a todos e a todas. O PSOE xa se manifestou na comisión, non é que se abstivera, como sempre se fai reservou o voto para o Pleno; reservou o voto para o Pleno porque tiña que consultar cos compañeiros porque había unha cuestión que o PSOE había..., cando foi a discusión dos presupostos, o PSOE había pedido que se habilitara unha partida precisamente por si os cartos da piscina non chegaban ao millón e medio de euros e naquel momento o presidente da comisión dixo que non, que estaba ben contratada e que non facía falta facer unha partida para ese tema. Nos alegra, en certa forma, que se nos veña dando a razón agora que non chegaron os cartos pero, claro, nós non imos torpedear unha obra na cal estamos de acordo simplemente por unha diferenza neste tema, non? Anunciamos que imos votar favorablemente pero quero dicir que agora, na intervención de Barcia, que di que o problema na contratación atinxe ao Concello de Ares si o fixo ben ou mal, eu creo que nos atinxe a todos, si é un proxecto para os Concellos de Ares e Mugardos, si Ares o fixo mal, a nós tamén nos atinxe, supoño que será así.

Sr. Alcalde: A contratación?

Sr. Gómez Rodríguez: Si a fixo mal, nós tamén seremos partícipes do mal que o fixera.

Sr. Alcalde: A nós nos interesa que o proxecto cumpra nada máis.

Sr. Gómez Rodríguez: Ben, pois simplemente quería dicir iso, que o PSOE vai votar favorablemente isto.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós imos ser bastante breves porque eu creo que xa está clara a postura do Partido Popular neste sentido. Sí que é certo que nós xa apoiámos no seu día tanto a ubicación como o proxecto, co resto dos partidos políticos, pero si que votamos de menos que isto veña a estas alturas, nos houbéramos felicitado si isto xa se tivera solucionado con tempo, si que é verdade que eramos corresponsables co Concello de Ares para levar a cabo, por temas do presuposto tiña que aprobalo primeiro Ares para facer a contratación e nós sabemos que podía haber o risco de que as cantidades non se axustaran, pero, a maiores deso, nós queremos dar un impulso máis, un máis aos que xa dimos ao proxecto da piscina, e queremos que se empece canto antes, queremos ver por fin un proxecto materializado, un proxecto polo que apostamos dende o primeiro día e felicitarnos en todo caso porque se faga nas condicións que se planificaron no proxecto e si que votamos de menos, en todo caso, que o talante negociador neste caso, do grupo de goberno, que houbera unha maior apertura cara aos grupos da oposición para aqueles proxectos nos que todos estamos máis ou menos de acordo, salvo pequenas diferenzas para demostrar un pouco máis de transparencia no tema, non? Sí que se preguntou, nós, de feito, tamén preguntamos certos detalles da contratación, como era o expediente de contratación e se nos derivou ao Concello de Ares, non é de recibo que un concelleiro deste Concello teña que facer esas xestións.

En todo caso, queremos que se faga xa, e se faga canto antes, entón non imos torpedear, nin moito menos, todo o contrario, imos apoiar o proxecto ata o final. Nada máis.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Me parece que non estamos na segunda guerra mundial, polo tanto, tampouco imos torpedear nada. Primeiramente, dicir a opinión que temos ao respecto. Primeiro, dicir que nós non cambiamos o sentido do voto en canto á contratación, imos votar que si, pero xurde unha dúbida, e é bo que cada un de nós reflexione ao respecto e é que, unha vez máis, a xunta de portavoces, non a podemos constatar porque non temos actas da mesma; polo tanto, é un problema que agora xa non podemos solventar, aínda que na última empezamos a solventalo, a ver si nas próximas eleccións da luz para que ese tipo de cousas non volvan a repetirse.

A segunda parte é que me parece ben que dada a imposición que tiñamos en Mugardos, que non podíamos contratar as obras pola razón que fora, que o faga Ares, que para iso é compartido, no caso contrario sería o mesmo, a min me preocupa que unha obra compartida sexa clara, nítida na súa contratación, imaxinémonos, simplemente imaxinémonos que fóra fraudulenta a contratación, non nos importa? Pois eu creo que si. Pero iso é o de menos, o que si que me parece que nese tipo de cousas nos remitan por escrito ou nos

remitades por escrito a que vaiamos a Ares xa é outro problema, iso é fariña doutro costal. Polo tanto, creo que sería bo que ese tipo de cousas non se repetiran; pero fundamentalmente volvemos ao mesmo, o presidente da comisión nos dicía que coa repercusión das baixas ía quedar en practicamente cero o suplemento de crédito que é necesario, pois parece ser que non é así, e tampouco é preocupante para quitar adiante o tema, pero volvemos a dicir o mesmo que dixemos fai un momento, é dicir, a nosa preocupación son os presupostos do 2007 e nolo estamos cargando pouco a pouco, vai ser moi difícil cadralo ao final, vai ser complicado. Nada máis.

Rematado o turno de intervencións sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, tendo en conta o informe favorable da interventora municipal, obrante no expediente, así como o ditame da comisión informativa de facenda, patrimonio, persoal e servizos, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente, o expediente de modificación de crédito nº 6/2007, ó orzamento do exercicio 2007 por un importe de **77.350,06 EUROS** segundo o detalle do anexo, onde se especifican as previsións de gasto e a súa financiación.

MODALIDADE

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

FINANCIACIÓN

REMANENTE DE TESOURERÍA

ALTAS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA		CAP.	DESCRIPCION	IMPORTE
FUNCIONAL	ECONÓMICA			
452	62200	6	• Piscina Cuberta Climatizada Ares Mugardos	77.350,06
			TOTAL	77.350,06

ALTAS NO ESTADO DE INGRESOS

PARTIDA		CAP.	DESCRIPCION	IMPORTE
FUNCIONAL	ECONÓMICA			
	87001	8	• Remanente de tesourería para gastos xerais	77.350,06
			TOTAL	77.350,06

Segundo.- Que se someta o expediente a exposición pública por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, no suposto de que durante o indicado prazo non se presenten reclamacións.

8.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS

Sr. Alcalde: Neste caso dicir que compete ao Concello de Mugar dos facer a contratación das obras, posto que a piscina está en terreos do Concello de Mugar dos e, polo tanto, é por iso que se trae aquí ao Pleno. E dado que o montante da obra sobrepasa o permitido para poder contratar a Comisión de Goberno e segundo din os informes hai que contratar pola modalidade de poxa con procedemento aberto as obras, prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación sinalando que será o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación pola modalidade de subhasta, segundo texto obrante no expediente, establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non supera-la execución o prazo de doce meses establecido no artigo 103 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e sinalar que a adxudicación, ó amparo do disposto no artigo 69.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato; entón, dado que xa interviron os grupos, se abre outro turno de intervencións para o tema da contratación, si alguén quere intervir...

Deseguido sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, vistos os informes emitidos pola secretaría e intervención municipal, obrantes no expediente, e tendo en conta a proposta de contratación formulada pola alcaldía en data 27.04.07, obrante no expediente, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á devandita proposta e, en consecuencia:

1.- Contratar pola modalidade do poxa con procedemento aberto as obras de:

<u>DENOMINACIÓN DA OBRA</u>	<u>IMPORTE</u>
PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS.....	1.654.700,12 €

2.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación sinalando que será o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación pola modalidade de subhasta, segundo texto obrante no expediente.

3.- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non supera-la execución o prazo de doce meses establecido no artigo 103 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

4.- Sinalar que a adxudicación, ó amparo do disposto no artigo 69.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato.

9.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO DO 2006.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Simplemente unha cousa, dada a premura de tempo en que estamos agora mesmo, che pido que, dado que é cuestión de dar conta, e non tiñas por qué, nos pases unha fotocopia do expediente, polo menos a Independentes.

Sr. Rivadulla Fernández: Eu brevemente..., simplemente é dar conta, é o que figura no expediente, pero si quero facer referencia ao último debate dos orzamentos no que houbo un grupo que fixo moito fincapé en que non ían dar os cartos para facer as obras, que eran uns presupostos irrealis, que eran irrealizables, pois ben, a consulta do expediente ditamina ou determina que en absoluto foi así. Non só se puideron acometer os importantes proxectos que se fixeron, que xa están contratados e que están en marcha senón que aínda sobrou bastante máis diñeiro, simplemente.

INCIDENCIA: Faise constar que sendo as 11.06h., durante a intervención do sr. Rivadulla Fernández, auséntase da sesión o concelleiro sr. Trío Zabala, que se reincorpora ás 11,11 h.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Eu pedín exclusivamente unha copia, nada máis, non podo discutir dunha cousa que non coñezo en profundidade o tema, e segundo tema, eu creo que esta intervención non tiña ningún sentido, Moisés, pero igual esquece unha cousa, e son os diñeiros de Reganosa, igual se esquece deso o amigo.

Sr. Rivadulla Fernández: Non quero entrar en debate pero tamén podíamos falar do que quería facer Fariña cos diñeiros de Reganosa, iso de abrir rúas e todo iso, nós preferimos facer obras para os veciños.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós fixemos unha análise bastante breve da liquidación, entón imos expoñelo aquí. Imos ver..., nós queremos deixar constancia de varias consideracións en canto á liquidación do 2006: en primeiro lugar, o feito de que o resultado presupostario axustado arroxa unha cifra de 1.114.000 euros, que denota unha incapacidade patente deste goberno municipal para xestionar a totalidade dos recursos xerados no ano 2006 e a revertelo dunha maneira eficaz nas obras e servizos durante este mesmo período. Sí que é verdade que é un dos presupostos maiores da historia de aquí, de Mugaros, e a execución non se axusta ás expectativas creadas. Preocupa ademais o feito de que a 31.12.2006 existan tamén máis de 150.000 euros de obrigas recoñecidas, ou sexa, de débedas aprobadas a terceiros de exercicios xa pechados, anos 2005 e anteriores, e que se manteñen por non ter efectuado os pagos correspondentes. A sra. interventora tamén pon de manifesto na memoria que acompaña á liquidación que os remanentes de crédito non comprometidos, isto é, partidas presupostarias ou restos delas non gastados, para entendernos, alcanzan a cifra de 2.714.000 euros; isto significa que respecto do presuposto inicialmente aprobado, que

ascendeu a 6.122.899 euros, o 44,34% non se aplicou ao destino inicialmente previsto, e a nós nos parece, como mínimo, unha execución bastante pobre, para un concello como este. Entendemos que..., en fin..., foi un ano bastante peculiar, pero si que é certo que choca un pouco cun presuposto desta talla que non se executara máis dun 66% a pesar de que no seu día estábamos de acordo en apoiar o presuposto e somos copartícipes no presuposto, non estamos de acordo na execución do mesmo; consecuentemente, esa era unha das condicións fundamentais que nós iamos vixiar e vixiamos.

Chaman a atención tamén algunhas partidas en concreto que imos detallar simplemente, por exemplo a existencia da partida de asistencia médico-farmacéutica a funcionarios que é un beneficio social recoñecido en convenio e quedou sen repartir, non se gastou, entendemos que ao mellor os funcionarios non tiveron necesidade, nos alegramos entón, pero nos chama a atención que non se fixera nada; tampouco se realizou nada en relación co elaboración do inventario municipal, parece ser que ultimamente..., estou falando a día 31 de decembro, si que é verdade que ultimamente había unha serie de obrigas en canto ao inventario pero que non se elaboraron, consecuentemente. Dos 5.000 euros previstos para acción social, atención a discapacitados só se recoñeceron obrigas por 860 euros. Nos parece chamativo tamén que dos 5.000 euros aportados só se fixera un gasto de 860, pero ben..., non entendemos moi ben esas políticas sociais ultimamente. Das partidas acción social tamén, prestacións por alimentos, axudas económicas, axudas ás familias, subvencións..., non se executou practicamente ningún gasto; as partidas para estudos de expedientes de ruína e desenrolo do PERI non se tocaron para nada, estamos falando de catro millóns de pesetas; dos 165.000 euros previstos inicialmente para o urbanismo, apertura de rúas, se executa tan só un gasto de 43.000, tamén é chamativa; sen executar quedan tamén os gastos para axudas para mellorar as fachadas de Mugar dos, tamén, o famoso ARI, tamén quedan sen executar; queda un sobranse de máis de 9.000 euros en mantemento, reparación e conservación de maquinaria, instalacións e saneamento e abastecemento de auga, tamén, partida interesante; non hai crédito, non deron crédito ningún, comprometido, no incremento da rede de augas, dotada con 450.000 euros, que si que é verdade que queda pendente da gran obra que hai que acometer pero que queda aínda, a estas alturas, debía terse comprometido como debera; e quedan comprometidos máis de 220.000 de abastecemento de auga a Franza, que esperamos tamén que as últimas medidas destes períodos perigosos se vaian acometer tamén.

Por outro lado resultou, a veces, imposible determinar a finalidade dalgunhas partidas, nos referimos tamén ás que levan o subconcepto 48900, que aparecen en diversas funcionalidades, protección civil, acción social, medio ambiente, etc., etc... e que son subvencións a escolas e ANPAS, non se executaron tampouco medidas complementarias.

E, por último, quero tamén felicitar ao equipo de goberno pola excelente xestión, que envexo, en relación ao gasto executado por todo o exercicio 2006, eu creo que un 66% non é unha execución á altura destas circunstancias de Mugar dos e, en todo caso, si felicitar gastos tan superfluos como limpeza dos colexios cun total de 174 euros anuais, en algún caso, eu creo que merece algunha limpeza máis algún que outro centro. Simplemente queremos reflectir que entendemos que debería terse feito un esforzo maior para ter executado un presuposto maior; eu creo que nos proxectos interesantes tivo o apoio dos grupos da oposición

e debería terse elaborado as partidas cunha maior visión de futuro. Eu creo que non se completaron as expectativas creadas, máximo cun presuposto da talla do de Mugar dos, que creo que é o maior presuposto da historia de Mugar dos. Nada máis, non teño máis que engadir.

Sr. Rivadulla Fernández: Cando se fai unha intervención tan parcial, collendo unha partida de aquí, outra de alí, efectivamente se pode ofrecer unha visión que non se corresponde en absoluto coa realidade, que non é que estea..., a execución deste orzamento non difire da execución de orzamentos anteriores, en absoluto; os grandes proxectos executáronse, moitos outros están pendentes da liquidación, que se aprobou xa, algúns se puideron aprobar, por exemplo a auga de San Xoán, que xa está adxudicada e que se puido adxudicar a semana pasada precisamente a raíz da aprobación da liquidación; refírome a esa partida de 200.000 a que ti acabas de facer referencia; e logo tamén, na última comisión de facenda, o grupo de goberno intentou introducir dúas modificacións de crédito que houberan elevado sensiblemente esa porcentaxe que a ti te parece tan baixo, para acometer obras que xa están comprometidas e que este pleno xa se comprometeu a afrontar, e non contamos co teu apoio aí, non? Iso houbera elevado sensiblemente a porcentaxe, simplemente, pero como ti colliches dun lado, doutro, doutro, ata fas referencias a partidas de cen euros nun orzamento de seis millóns, pois ben..., se pretendes poñer iso como un estudo serio, unha análise sería dos orzamentos, en absoluto o é.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Imos ver, eu non pretendo, nin moito menos, seriedade, eu creo que a seriedade lle toca ao grupo de goberno neste caso; o que si me chama a atención é que se pida corresponsabilidade aos grupos da oposición na aprobación, precisamente por urxencia, na última comisión de facenda, por urxencia, de case sesenta millóns de pesetas; eu entendo que iso non é unha urxencia, unha urxencia é que vostedes se comprometan a traer as cousas importantes ás comisións co prazo adecuado.

Sr. Rivadulla Fernández: De obras xa aprobadas por este Pleno.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Pero vostedes trouxeron por urxencia sesenta millóns de pesetas de obras, non me parece que sexa seriedade pola súa parte, que tanto tacha de seriedade, traer unha obra por urxencia de sesenta millóns de pesetas, esa é a seriedade da que nos queren facer partícipes á oposición. E esa é a seriedade da obriga que teñen vostedes de meter os presupostos adecuadamente nas comisións para que os grupos da oposición, entre outras cousas, fagamos o que vimos facer, que é fiscalizar ao goberno municipal. Entón, vostedes podían e tiñan tempo suficiente para meter esas obras nun punto ordinario, pero non..., era mellor traelo por urxencia e obrigar á oposición a votar en contra de algo que si que estamos todos de acordo en que é importante, pero esa non é a política que están facendo vostedes, porque todo é bo por Mugar dos, e como todo é bo para Mugar dos hai que aprobalo sempre. Mire, as maneiras tamén son importantes en política, sr. Moisés e hai que traer as cousas en prazo e forma e vostedes non se comprometeron a unha obra tan

importante traela na orde do día, que é onde se traen as cousas serias, non por urxencia, ao que nos teñen acostumados.

Sr. Rivadulla Fernández: Un apunte nada máis, insisto, eran obras xa comprometidas por este Pleno, non eran ningunha novidade. Evidentemente te acabas de descubrir ao dicir “se non nos van obrigar a votar en contra de algo necesario”. En fin..., alá ti coa túa responsabilidade.

Sr. Alcalde: Creo que os grupos teñen dereito a manifestar a súa opinión con respecto ao que estamos debatendo aquí, aínda que era unha cousa que era dar conta, que non era un debate, pero ben...

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Para solventalo, ao Pleno é dar conta, é a primeira vez, dando conta, que se produce este debate. Segundo, dixeran que no tempo transcorrido non fomos capaces de estudalo co tempo necesario como para ter perfectamente detallado que é o que pasou co presuposto, por iso pedimos o tema, foi a única intervención nosa, o que ocorre é que hai xente que as normas as salta. E outra cousa é, alcalde, se queren o tema..., un debate sobre o mesmo, non hai problema ningún, cando se queira. E segundo, un aclaratorio e remato, estamos falando do presuposto do 2006? É que me perdín. Ou é do 2007? É que me perdo.

Sr. Alcalde: A ver, eu creo que, efectivamente era un tema para dar conta e tampouco ven a conta agora..., evidentemente todos os grupos teñen dereito a expresar a súa opinión e guste ou non guste hai que aceptalo; o partido popular ten a súa opinión con respecto a como se executaron os orzamentos respecto ao ano 2006 e nós temos a nosa opinión e nós tamén. En todo caso, rematamos con este debate que non viña a conto e pasamos ao seguinte punto.

O Pleno da Corporación dáse por informado da liquidación do orzamento do exercicio do 2006, aprobada pola Resolución da Alcaldía núm.220/2007, de 18 de abril de 2007, que copiada literalmente di:

“ En cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Real decreto legislativo 2/2005, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e visto o informe emitido pola Interventora:

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobamos a liquidación do orzamento do exercicio do 2006 así como o Remanente de Tesourería e o Resultado Orzamentario que se derivan da mesma e que a continuación se indican:

ESTADO DO REMANENTE DE TESOURERIA

I. (+) FONDOS LÍQUIDOS	2.263.193,97
-------------------------------	---------------------

2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO	585.029,97
<i>do Orzamento corrente</i>	209.942,07
<i>de Orzamentos pechados</i>	467.763,18
<i>de operacións non orzamentarias</i>	71.367,85
<i>(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva</i>	164.043,13
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	1.139.929,62
<i>do Orzamento corrente</i>	679.315,12
<i>de Orzamentos pechados</i>	150.946,54
<i>de operacións non orzamentarias</i>	313.541,61
<i>(-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva</i>	3.873,65
4. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3)	1.708.294,32
5. SALDOS DE DUDOSO COBRO	46.776,32
6. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA	21.112,80
7. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (4-5-6)	1.640.405,20

RESULTADO ORZAMENTARIO

1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	5.281.424,15
<i>Total operacións non financeiras</i>	5.262.280,15
<i>Activos financeiros</i>	5.990,00
<i>Pasivos financeiros</i>	13.154,00
2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	4.733.738,56
<i>Total operacións non financeiras</i>	4.678.593,09
<i>Activos financeiros</i>	5.990,00
<i>Pasivos financeiros</i>	49.155,47
3. RESULTADO ORZAMENTARIO (1-2)	547.685,59
<i>Total operacións non financeiras</i>	583.687,06
<i>Activos financeiros</i>	0,00
<i>Pasivos financeiros</i>	-36.001,47
AXUSTES	
4. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	367.046,46
5. DESVIACIÓN DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO	221.222,02
6. DESVIACIÓN DE FINANCIACIÓN POSITIVAS DO EXERCICIO	21.112,80
8. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3+4+5-6)	1.114.841,27

Segundo.- Dese conta ó Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión que se celebre, en aplicación do artigo 192.4 da do Real decreto legislativo 2/2005.”

10.-DAR CONTA DOS ESCRITOS DE CONDOLENCIA E REPULSA ENVIADOS CON MOTIVO DOS ASASINATOS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO.

O Pleno da Corporación dáse por informado das condolencias enviadas aos Concellos onde se teñen producido mortes como consecuencia da violencia de xénero, segundo a relación que figura no expediente, á que se deu lectura polo sr. alcalde-presidente, así como das solicitudes para que se faga chegar este pésame ás familias das vítimas, e da repulsa deste Concello á violencia de xénero.

INCIDENCIA: Faise constar que sendo as 11,16 h, auséntase da sesión o concelleiro sr. Fariña Doval.

11.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM 169/2007 a 231/2007.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da alcaldía núm. 169/2007 á 231/2007, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Toimil Saavedra: Eu, algo máis que un rogo ou unha pregunta, posiblemente sexa unha reflexión porque é algo que lle ven preocupando ultimamente ao grupo socialista e o ven denunciando nos Plenos e coido que a estas alturas lle vai ter que preocupar ao grupo socialista na vindeira etapa, á próxima despois das eleccións do 27 de maio; é a igualdade, e non a igualdade de xénero, por suposto, Margarida non é contigo, é a igualdade de trato. Creo que o grupo socialista xa fixo distintas intervencións porque lle preocupa o cumprimento, ao menos medianamente estrito, da legalidade urbanística en torno a todo o que se estivo e se está a facer aínda no Pazo de Rilo e non se lle deron respostas claras e a veces tampouco certas, porque creo que no último Pleno preguntaba si xa se cursaran as ordes oportunas para que unha das obras ilegais, dobremente ilegais, por unha banda non ter licenza municipal dende hai anos que se leva reclamando, dende hai anos, digo, parece mentira, e outra porque a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia ditaminou que era ilegalizable, que non se podía autorizar. Me estou referindo á famosa carpa, que se coñece como carpa pero que é un edificio de máis de trescentos metros cadrados, o único que ten de carpa, para entendernos, é a cuberta, que parece a cuberta dunha carpa. E por qué digo isto? Porque, por outra banda, e no que atinxe ao punto anterior do Pleno, decretos da alcaldía, vexo un decreto, efectivamente, axustado totalmente ao rigor e á normativa urbanística, que dende o Concello hai que defender ante calquera administrado, se chame L.P.D., non vou dar o nome, hai un decreto aquí, ou se chame A.B.A., que é outro. A L.P.D. no decreto correspondente se lle aplica a normativa urbanística, se lle esixe despois de moitos requirimentos que cumpra a lei. A A.B.A., non vou dar o nome, pero que é o promotor das importantísimas obras do Pazo de Rilo, non se lle esixe o mesmo, porque a día de hoxe aínda non se fixo o decreto que lle obrigue a derrubar esa obra, digo a día de hoxe, incluso despois de ter chegado aquí unha requisitoria da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia nese sentido e tan sequera,

e isto creo que o debemos de saber todos, non soamente os que estamos na comisión de urbanismo, todos sabemos que en torno a esta cuestión se fixeron case todas as obras antes de obter a preceptiva licenza, isto creo que é algo que sabemos todos pero que está denunciando o grupo socialista e o vai seguir denunciando, e despois de ter feito todo isto, nin tan sequera tal como está establecido se lle abriu un expediente sancionador, e o último, e isto xa non vai dirixido a quen é o responsable do control urbanístico senón ao responsable da facenda municipal, que dita as licenzas de obras, na súa meirande parte están sen pagar, a pesar de que unha delas é de xaneiro de 2005, por un montante, digo na súa totalidade, de máis de once millóns de pesetas, co que se necesitan os cartos neste concello, pero digo que é unha reflexión para que quede aquí porque eu creo que isto non será bo que se digan dando estes exemplos de desigualdade no trato. Nada máis.

Sr. Alcalde: Me parece que cando se fala de trato de igualdade pois todo promotor debe tamén recibir o mesmo trato, lle recordo ao sr. Toimil, antes de que se vaia, que lle permitiu a Reganosa fraccionar o seu pago da licenza, a Reganosa se lle permitiu fraccionar o pago da licenza de obras e a este promotor tamén se lle permitiu fraccionar o pago da licenza de obras; pagou unha parte e o que lle queda o pagará este venres; polo menos ese é o compromiso.

Sr. Toimil Saavedra: O fraccionamento da licenza, do pago de Reganosa foi practicamente un acordo plenario, ao menos un acordo unánime do grupo de goberno porque entendían así que era mellor para o Concello e ademais o fixo..., estaba no prazo establecido e o decidiron os órganos correspondentes. No caso do Pazo de Rilo teño que dicir con toda rotundidade que non se reúnen as mesmas circunstancias, non está acordado en ningún sitio aprazarlle a débeda, digo, unha das débedas é de primeiros de xaneiro do 2005. Polo tanto, non é certo, porque non quero utilizar outro termo que sona peor, non é certo o que acaba de dicir o sr. alcalde. O Pazo de Rilo non ten ningún tipo de acordo nin autorización para que sexa aprazado, ademais de todo o que levamos denunciando ultimamente.

Sr. Alcalde: O criterio é igual para todos. A igualdade é igual para todos.

Sr. Toimil Saavedra: Están os expedientes para demostralo.

Sr. Alcalde: Xa, por iso.

Sr. Toimil Saavedra: Por riba da súa palabra e da miña están os expedientes.

Sr. Alcalde: Por iso mesmo o digo.

INCIDENCIA: Faise constar que nestes momentos, sendo as 11,24 h., auséntase da sesión o concelleiro sr. Tomil Saavedra.

Sr. Alcalde: Precisamente por iso o digo, porque están os expedientes e cando hai un expediente e un precedente a igualdade é para todos, guste ou non guste.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Eu simplemente un rogo, eu non sei si este é o último pleno da lexislatura, previsiblemente, pero non o sei; en todo caso eu rogaría...

Sr Alcalde: Seguramente para rogos e preguntas é o último.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Entón, como non o sabía tampouco podo intervir máis, simplemente rogar ao grupo de goberno neste caso que si que é convinte pasar unha relación de lugares habilitados para pegada de carteis, etc., etc... para os partidos políticos para non empapelar Mugardos e deixalo feito un asco, eu creo que aí deberíamos ter todos un pouco de civismo e, en todo caso, eu creo que se pegaron varios carteis, varios paneis informativos, e eu creo que sería bo que todos os grupos dispuxeran e souberan onde se van colocar para ter unha previsión e para ter un pouquiño de ordenación do tema. Nada máis.

Sr. Alcalde: Dikir que hai uns paneis en cada núcleo de poboación do Concello, aparte das parroquias e espero que se respecte por todos os grupos porque si cabe un cartel para cada grupo, pois que cada grupo pegue un cartel e non ocupe todo, e despois dicir que hai unha relación de locais, farolas entregado na Xunta Electoral de aquí, da zona, e que nese caso o seu partido xa sabe..., os paneis, xa digo, en cada parroquia.

Sr. Cabalo Amado: Eu quería facerlle unhas preguntas ao concelleiro de servizos, quixera que me dixera os puntos de luz que se ían cambiar na Igrexa por qué non se cambiaron, que estaban alí os postes, e para onde foron. Por qué non os cambiou?

E despois teño outra, teño varias pero vou facer outra nada máis, por qué non se repartiron os calendarios en San Xoán? Estamos a dous de maio e están sen repartir aínda.

Sr. Rivadulla Fernández: Eu simplemente a que fixo o sr. Toimil para min, reiterar do tema este, que el dixo que lle preocupaba ultimamente a legalidade urbanística, pois reiterar o que xa se dixo, que está mal informado respecto ao pagamento, xa pagou unha primeira parte e o segundo prazo véncelle esta mesma semana.

E as preguntas que acaba de facer outro concelleiro do PSOE, que sempre van en torno ao lugar onde el vive, pois o do punto de luz na Igrexa teño que informarme porque non sei exactamente a qué se está referindo e respecto aos calendarios, o funcionario encargado de facer o traballo tiña instrucións de chegar a todas as casas, é a primeira noticia que teño de que non se chegou por aí, si efectivamente ten razón, pois hai que repartilos por aí.

Sr. Cabalo Amado: Voulle respostar á pregunta, o do alumeado estaba no proxecto co alumeado da Abeleira, ou a memoria que se fixo para cambiar o alumeado de Abeleira, se levaron para alí, para a Igrexa, e non se puxeron, tres ou catro puntos estaban para cambiar alí, tres o catro puntos, estiveron alí os postes e os levaron de alí, non os cambiaron.

Sr. Alcalde: Tucho, grazas pola observación, se mirará por qué non se puxeron.

Sen máis asuntos que tratar, ás once horas e trinta minutos do día ao comezo sinalado, o Sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Visto e prace
O ALCALDE